

A GALICIA DE FRAGUAS

THE GALICIA OF FRAGUAS

Manuel Mandianes Castro
Consello Superior de Investigacións Científicas

Resumo: Este traballo desenvólvese en tres apartados: en primeiro lugar percorrense os movementos intelectuais en voga na época de Fraguas: funcionalismo, estruturalismo, simbolismo, deconstrucionismo. A continuación analízase como o ambiente en que se desenvolveu Fraguas foi o das ideas de Nós. Por último reflexiónase sobre a Galicia e a identidade galega tal e como as concibe Antonio Fraguas.

Abstract: This paper falls into three sections. First, the intellectual movements in vogue during Fraguas's career are covered: Functionalism, Structuralism, Symbolism, Deconstruction Theory. Secondly, it is showed that the ideas of Nós shaped Fraguas's background. Finally, a reflection is made upon Galicia and Galician identity as conceived by Antonio Fraguas.

Palabras chave: Antonio Fraguas, cultura, etnografía, antropoloxía, Nós, Vicente Risco, Galicia.

Key words: Antonio Fraguas, culture, ethnography, anthropology, Nós, Vicente Risco, Galicia.

Don Antonio Fraguas, coa súa vida, coas súas obras, fixo gala daquilo que di: “Quen cre ser orixinal, con frecuencia, non é máis que ignorante”. Evitou todas as determinacións xa ocupadas por semánticas conceptuais metafísicas, filosóficas, sociolóxicas ou antropolóxicas. Fraguas fai da vida unha etnografía e da etnografía unha vida. O espazo e o tempo, tal como el os describe, forman parte da casa, do hábitat, do galego.

MOVEMENTOS DA ÉPOCA

O funcionalismo manifesta unha gran reserva fronte aos contidos latentes e esquece o incomunicable da cultura; deixa de lado a historia e, por esta razón, mantén coa sociedade un diálogo intemporal e por riba dun contexto preciso. O funcionalismo interpreta a existencia do home en función do seu mundo social. A mitoloxía perde a súa autonomía quedando reducida ao social. A función da mitoloxía sería lexitimar a orde establecida.

O simbolismo establece unha relación de identidade cunha realidade, xeralmente abstracta, á que evoca ou representa. Figura retórica de pensamento por medio da cal unha realidade ou concepto, normalmente de carácter espiritual, se expresa por medio dunha realidade ou concepto diferente, entre os que se establece unha relación de correspondencia, de modo que ao nomear o concepto simbólico se suxire ou se evoca o concepto real. O signo é un operador; o símbolo é un indicador que abre a realidade dada á súa significación antropolóxica. Neste caso, a antropoloxía busca conceptualizar os símbolos, segundo diferentes enfoques relacionados coa comprensión do poder, as relacións sociais e a epistemoloxía.

Por estrutura social entendemos un conxunto de elementos relacionados formando unha unidade tal que os elementos poidan ser substituídos por outros sen que se altere o conxunto. Nada significa nada por si mesmo senón en relación formal de contraposición con outros mitemas. Segundo Levi Strauss, o estruturalismo é un estudo concreto da mitoloxía. De acordo con ela, os fenómenos sociais poden ser abordados como sistemas de signos ou símbolos, polo que o antropólogo debe ter coidado de non tratalos nin única nin principalmente como sucesos, senón como significacións. A variedade das culturas e da forma en que cada sociedade aborda problemáticas similares explicaríase pola diversidade de elementos que se atopan na súa contorna e, moi especialmente, polo valor e significado que lles son atribuídos socialmente.

O deconstrucionismo trata de atopar os factores determinantes da ideoloxía, dunha forma de vivir e de pensar mediante a deconstrución crítica da súa estrutura social, política e cultural desde os cimentos na interpretación dos feitos, para denunciálos e así emprender bos camiños que liberen o home de todo tipo de determinismos e ataduras. As diferentes significacións dun texto poden ser descubertas descompoñendo a súa estrutura. O deconstrucionismo sostén que a fidelidade dunha interpretación non depende da súa conformidade cun suposto sentido hipotético senón, da fidelidade dos seus efectos. A deconstrución afirmará que a envoltura retórica é todo o que hai e que por iso a obra de arte literaria é irredutible a unha idea ou un concepto.

NÓS E O SEMINARIO

Este período corresponde, dentro da historia máis ampla da etnoloXía, ao historicismo, ou historia da cultura, e ao difusionismo. É a época da catalogación dos castros, do estudo da Galicia castrexa. Estes autores levan a cabo grandes historias, fanse recompilacións de refráns, ditos, literatura popular; pensan que as formulacións evolucionistas do Rexurdimento son moi simples; teñen unha idea pluralista da historia e están convencidos de que os pobos que se subtraen ao contacto con outros pobos reducen ao mínimo toda situación que permite á historia facer irrupción no mundo. Eliminan os esquemas a priori e parten dos feitos consumados. Sen ser deterministas, conceden moita importancia á ecoloxía e á raza. Raza e ecoloxía son elementos decisivos da idiosincrasia galega. Adaptan como método de interpretación o dos círculos culturais que toman dos autores alemáns e aplican á historia as etapas spenglerianas: as culturas nacen, mestúranse e morren.

Todo o que existe vén de algo anterior, seguindo un ritmo determinado; sen crer no determinismo xeográfico e ecolóxico de maneira absoluta, danlle grande importancia e falan dos círculos culturais, do difusionismo e das supervivencias. Cren que moitas tradicións relixiosas precristiás se conservan camufladas ou superficialmente cristianizadas ata hoxe no medio campesiño. A xeración Nós é a Galicia o que a xeración do 27 é a España. Por etnografía entenden a ciencia auxiliar da Historia que estuda o conxunto de elementos culturais de tipo espiritual ou material dun pobo, as condicións de vida e a súa evolución, elaborados tradicional, popular e anonimamente. Antes de iniciar o estudo da difusión do tema da cantiga CIII na narrativa medieval, é preciso situalo no complexo das lendas escatolóxicas e ver a posición dun tema dentro dun determinado grupo ideolóxico, recibindo as suxestións de motivos próximos e irradiando á súa vez fórmulas que han de influír na elaboración de narracións próximas.

A declaración de principios do grupo Nós foi esta: temos unha fe cega, absoluta e inquebrantable na vitalidade e no xenio da nosa raza. Os colaboradores de Nós poden ser o que lles pareza... con tal de que poñan por encima de todo o sentimento da terra e da raza, a orgullosa satisfacción de ser galegos. Nós ha de ser un estudo de todos os valores galegos, a afirmación para sempre do verdadeiro ser de Galicia, do *enxebri* que é a nosa orixinalidade específica, a nosa capacidade de creación, o noso autóctono dinamismo mental. Din: onde non hai cultura, non hai pobo. Identifican a capacidade creadora dun pobo co seu grao de desenvolvemento. Privilexian o factor cultural por encima de todo porque a vitalidade de calquera pobo e a súa capacidade de nacionalismo confúndese coa súa capacidade e co seu dinamismo culturais.

O historicismo máxico de Vicente Risco recrea o pasado en función dos seus intereses inmediatos; ofrece unha historia mediatizada polos seus intereses subxectivos. Talvez a súa visión da historia era algo moi persoal; máis afeccionado aos contrastes que aos matices, á subxugación efectista que á sedución polo rigor, prescinde frecuentemente das proposicións xerais ou ben actúa contradicíndoas. É máis un afirmador a priori que un empirista. A súa visión da historia, cuxo centro é o cristianismo, é providencialista. Neste sentido, adscribese á teoría organicista alemá, baséase no *volksgeist*, ou espírito inconsciente dun pobo ou comunidade, alleo ás intencións ou pretensións dos seus membros, propio e distinto, produto do seu devir histórico e da súa contorna natural.

Segundo estes autores, o espírito galego, nas formas desinteresadas da súa actuación, adoptou varias culturas sucesivas, pero a cada unha delas impúxolle, polo menos, o seu sinal particular, o distintivo da súa alma, creada na época celta. Din que os galegos somos máis fillos da terra e do mar que do ceo; será que, en parte, o ceo é produto da terra e do mar. O pan e o viño divíden en mil anacos o carácter xeográfico e humano do chan galego, non separado senón penetrándose en complicadas figuras. Os labradores do pan e os do viño son moi diferentes. O ribeirao (viño) practica unha filosofía escéptica moi diferente á do montañés, que cre na eternidade das leis.

Os autores de Nós e o Seminario definen a nación galega baseándose na terra, na raza, na fala, na organización social. Establecen un íntimo lazo entre a relixión, a terra e o pobo galego, e sacralizan a natureza ata facer sentir un certo aroma panteísta. A terra é a fonte orixinal da vida. O carácter central, telúrico, do que quere dotar á Natureza-Terra, á Terra-Nai, halle de permitir a Risco formulala en termos tales que a vinculación relixiosidade-tradición-nacionalismo se presenta, á marxe do seu carácter intemporal, eterno, é dicir, ahistórico, cunha coherencia interna e un atractivo estético e emocional de grande eficacia. O sentimento da terra nai é o sentimento relixioso e pagán; tradúcese en apego á rexión e configura o sentido estético dos galegos de orixe celtoario.

A GALICIA DE FRAGUAS

Describe as bases da relación do ser humano co mundo, mundo que pode ser fiel no accidental, pero é o mesmo no tempo e espazo para todos: festas e santuarios. Saber manexar e manexar estes útiles forma parte do bo asentamento, da circunstancia, da adaptación do galego ao medio, á terra, ao mundo. Fraguas deixa que reine “o simple dos múltiples elementos” (Heidegger). Estudarei o mundo de Fraguas e a esencia do ser galego. Os santuarios, os santos, o Entroido fenden a orixinal e primixenia unidade da existencia e producen unha oscilación que a recorta en modalidades que xeran unha ulterior multiplicidade.

O mundo é un inmenso sistema de referencias en que se acha inmerso o home. Lendo, por exemplo, *A Galicia insólita* revívense os tesouros culturais, moitos deles caídos no esquecemento, ensinanzas que sitúan o lector máis aló de toda actualización práctica, diante do fenómeno e aí o deixan, non o interpretan. Non esmiúza nin destrúe o encanto das crenzas con análises confusas, senón que as mostra tal cal son. Neste sentido, Fraguas é un pensador do inicial, escoita as cousas simples. É un pensar a partir da razón e non unha reiteración de proposicións da crenza dunha escola ou teoría. Cando Fraguas fala de rituais relixiosos, fala de cousas que se realizan neste mundo e do castigo que a comunidade lle poida inflixir por non cumprilos, non fala de culpa no sentido moral e teolóxico. O galego cumpre sen considerar se cumprir ou non é mellor ou peor, bo ou malo. Fai o que sempre viu facer. O feito de ser quen é, e para seguir sendo, lévao a facer todo o que fai. E, se se vai, ao volver volve facer o que, por estar lonxe, deixara de facer. O tempo para Fraguas non é “o posible horizonte da comprensión do ser” senón, como para santo Agostiño, a sucesión de feitos, de romarías, a actualización das crenzas, o ritmo das estacións.

Estudando os santuarios e as festas relixiosas e a vida dos seus santos patróns, Fraguas non toma posición en materia de relixión nin teoloxía. Só trata de como devolver un sentido a estas palabras. Son o tempo e o espazo que remiten o home a unha contorna compartida con outros homes, con outros seres coma el. O mundo do ser humano é un mundo compartido. O acontecemento fai acontecer ao home. A experiencia e a vivencia sentidas ocorren, son diferentes dun simple proceso físico, neutro, sen relacións co eu que o vive e o experimenta. A verdadeira proximidade de Deus está ao lonxe. Moitos homes e mulleres achéganse ao sacro, ao santo, a Deus o día do patrón cando van á misa e visitan o seu santuario. Isto fai pensar naquilo do filósofo Heidegger e do poeta Hölderling: o máis próximo é o máis afastado e o máis afastado é o máis próximo. As referencias comúns son as que fan que os seres humanos se poidan atopar, comprender e falar.

Fraguas non considera cal é o fundamento de ser galego nin cando alguén está desprovisto deste fundamento. Para ser galego non é necesario estar inmerso neste tempo e neste espazo, pero estalo é selo. Non di en ningunha parte que o galego teña que ser tal como é o galego que estuda e describe; estuda as normas que cumpren unha serie de galegos. A preocupación de Fraguas é o como, non o que do seu contido, nin o quen da súa referencialidade. O acontecemento é a experiencia do límite do aparecer, a doazón ou apertura dos fenómenos en canto tales, é a manifestación da propia experiencia do mostrarse máis orixinario das cousas. Fraguas mostra a verdade das cousas en canto rectitude, non como rectitude que describe o comportamento e espiritualidade do interior do home. Fraguas non deconstrúe o home ata conducilo á desesperación, senón que mostra constantemente, ao longo

do ano, os elementos que constrúen a identidade galega. Poderíase dicir que Fraguas describe o galego ontolóxico, mais describe a maneira de ser do galego, de actuar; describe a presenza, non a existencia. Non analiza as estruturas da existencia senón o estar aquí temporal, o existir nun mundo e non un mero estar presente.

Antón Fraguas foi un etnógrafo galego que nin sequera se preguntaba se facía etnografía, etnoloxía, socioloxía ou antropoloxía. Para el a etnografía era ver e dar conta daquilo que os galegos practicaban. O ordinario da comunidade. Fai, escribe, investiga, ve, sente. Está á escoita do que é un galego, o galego, Galicia. Describe aquilo en virtude do cal o galego se define a si mesmo. A necesidade existe antes dos ismos e existirá unha vez pasados, existe prescindindo dos nomes. A descontinuidade narrativa non conduce a unha historia que debe ser “armada” polo lector, senón a un plano no que todo sucede desde sempre. Poucas accións se contan dúas veces; con todo, a circularidade insinúase con forza: todo instante é repetición. Ao referirse ao desenlace das aventuras. A morte acaba, pero a vida segue: nótese que non saberíamos.

Fraguas retrata unha Galicia de festas triunfais, autónomas e inconmensurables. Talvez Fraguas, como a maioría dos autores de Nós e do Seminario e do Instituto, tomou a etnografía, a historia e a xeografía máis que como un fin en si mesmo, como un medio, o vehículo para que as imaxes, dotadas da forza que lles imprimían os seus autores, máis aló deles mesmos, crecesen e levasen a realidade á dimensión da imaxinación. Todos estes autores estaban convencidos de que a imaxinación posuía medios que escapaban á razón para alumar a verdade cunha continua procura de imaxes que non eran simple reflexo da realidade, do cotián, senón iluminacións.